
ACOMPañAMENTO DENDE O BO TRATO

GUÍA INFORMATIVA PARA FAMILIAS

PREVENCIÓN DAS VIOLENCIAS MACHISTAS ENTRE A XUVENTUDE

ACTIVIDADE FINANCIADA CON CARGO AOS CRÉDITOS RECIBIDOS DO MINISTERIO DA PRESIDENCIA, RELACIÓNS COAS CORTES E IGUALDADE, A TRAVÉS DA SECRETARÍA DE ESTADO DE IGUALDADE



A familia é unha peza clave á hora de previrmos e detectarmos casos de violencias machistas entre a mocidade. Para iso é imprescindible entendermos cales son [en que consisten] estas agresións e que implicacións teñen. Entendermos e coñecermos as características das violencias que se dan na mocidade é primordial para non confundilas cos cambios propios desta etapa vital.



XÉNERO

Concepto cultural que serve para atribuír a cada sexo modelos de comportamento diferenciados en función daquilo (dos roles, das características) que cada cultura estima como propio de cada un deles.

O xénero é a suma de valores, actitudes, papeis, prácticas ou características culturais baseadas no sexo.



VIOLENCIA DE XÉNERO

"(...) a violencia que, como manifestación da discriminación, da situación de desigualdade e das relacións de poder dos homes sobre as mulleres, é exercida sobre estas por parte de quen fose ou fosen os seus cónxuxes ou de quen estea ou estivese ligados a elas por relacións similares de afectividade, aínda sen haber convivencia"

*Lei Orgánica 1/2004, do 28 de decembro de 2004
Medidas de Protección Integral contra a Violencia
de Xénero.*



TIPOS DE VIOLENCIA - Hai moitas formas de violencia contra as mozas e contra as mulleres. Aquí achegamos algunhas indicacións para poder identificalas.

Violencia física. Calquera acto de forza contra o corpo da muller, con resultado ou risco de producir lesión física ou dano corporal de diversa intensidade.


Violencia psicolóxica . Toda conduta, verbal ou non verbal, que produza na muller desvalorización e sufrimento.

Violencia económica / material. Privación intencionada, e non xustificada legalmente, de recursos para o benestar físico e psicolóxico da muller.

Violencia sexual e abusos sexuais. Calquera acto de natureza sexual forzada polo agresor ou non consentida pola muller, incluíndo tanto a imposición coma intimidación, mediante a forza ou non, de calquera tipo de relación sexual.



As reaccións violentas non aparecen de forma imprevista, senón que forman parte dun proceso gradual, como subir unha escaleira. As mozas quedan inmersas nunha situación de vulnerabilidade que inflúe nelas á hora de pedir axuda. Hai moitos chanzos da escaleira que a xuventude non ve como graves, malia selo: todos os chanzos constitúen violencia de xénero.



Fonte: Ruiz, C (2016) Voces tras los datos. Una mirada cualitativa a la violencia de género en adolescentes



TIPOS DE VIOLENCIA

Ciberviolencias de xénero. Comportamentos na rede que denotan desconfianza e control, utilizando as novas tecnoloxías como medio para exercer dano ou dominio. Entre as violencias máis comúns cometidas na Internet, salientamos:

Grooming. Acoso sexual a menores a través da Rede.

Sextorsión. Chantaxe realizada a partir da posesión por parte do agresor dunha imaxe íntima da parella. A finalidade desta chantaxe adoita ser a obtención de diñeiro, o dominio da vontade da parella ou a vitimización sexual da mesma.

Cibercontrol. Vixilancia continuada das actividades que realiza a parella, das súas amigas, dos comentarios e das fotos que comparte, ou a súa localización.

Ciberacoso. Intimidación e persecución sistemática da parella: mandarlle mensaxes constantes a través das redes sociais malia que ela non contesta; contactar virtualmente cos seus contactos para que falen con ela.



A violencia de xénero tamén é un proceso cíclico: situacións que se reiteran cada certo tempo, alternando períodos de violencia con períodos de afectos e arrepentimentos, pero onde cada vez son máis frecuentes os momentos de agresión e menos os de arrepentimento.



Aínda que a porcentaxe de adolescentes que consideran a violencia machista un problema grave vai en aumento, os celos, o control e unha concepción tóxica das relacións de parella seguen presentes no seu imaxinario.



É NECESARIO COÑECER OS MECANISMOS DE DOMINIO E ABUSO QUE O AGRESOR ESTÁ A EMPREGAR SOBRE A SÚA MOZA, ASÍ COMO OS "SINAIS" QUE ELA PODE PRESENTAR.



SINAIS QUE PODEMOS ATOPAR NA MULLER AGREDIDA

- A súa forma de vestir ou o seu aspecto cambiou.
- Non usa determinadas roupas por temor á reacción violenta da parella.
- Ten alteracións na saúde: o apetito (come máis ou está inapetente); o seu ritmo de soño modifícase (dorme moi pouco ou demasiado).
- Xustifica e defende as condutas do agresor.
- Está arreo en contacto con el a través do móbil ou das redes sociais, o que lle impide concentrarse en si mesma.
- Subestímase, séntese insegura.
- Baixa o rendemento escolar e/ou laboral.
- Cada vez sae menos coas súas amizades.
- Evita e teme que se asaíne a súa parella. Para iso, adapta cadora os seus propios comportamentos aos desexos do agresor.



É MOI IMPORTANTE CONSULTAR OS SERVIZOS ESPECIALIZADOS QUE OFRECEN ORIENTACIÓN, INFORMACIÓN, APOIO PSICOLÓXICO E LEGAL.



POR QUE ELA NON VOLO CONTOU?

- Por medo á falta de confidencialidade.
- Por pensar que ninguén a vai crer.
- O temor á presión da familia e das amizades para que se afaste del cando ela aínda pensa que o ama.
- Por crer repetidamente que el vai cambiar (pediulle perdón e prometeullo), e daquela non vai precisar axuda.
- Por supoñer que a agresión que padeceu (física, verbal, psicolóxica, sexual...) foi un feito illado, que non volverá suceder.
- Por medo á reacción do agresor.
- Por medo a ter que iniciar unha acción xudicial.
- Por custarlle moito asumir que a súa parella estea a danarla.
- Por crer que controla a situación.
- Por temor polo seu estado inmigratorio ou o da súa familia. Se na familia hai problemas de "papeis", a vítima/muller teme que o feito de denunciar a súa situación provoque un operativo maior que levará á expulsión do país ou algo semellante.

TEN O VOSO FILLO COMPORTAMENTOS MACHISTAS?

Existen unha serie de sinais que poden indicarlle á vostedes que o seu fillo mantén unha relación abusiva ou non saudable coa súa parella:



- Controla o móbil, o email e as redes sociais e non respecta a súa privacidade. Esíxelle que non apague o móbil, que estea sempre localizable e chamáa arreo para saber con quen está.
- É extremadamente celoso, imperativo e autoritario.
- Impón regras á relación sen o consentimento da parella sobre temas que afectan aos dous.
- É posesivo, considerando que a parella lle pertence.
- Critica e pretende que a parella cambie a maneira de vestir, de comportarse, de ser.
- Acusa falsamente e culpa á parella, controla todo o que esta fai.
- Humilla en público a súa parella.
- Ten un temperamento explosivo, montando escándalos en público ou en privado, presentando cambios de humor bruscos. Ten momentos de violencia onde rompe cousas,
- Sente celos e envexa da familia e dos amigos e das amigas da parella. Trata de illala das súas actividades, e das súas amizades.
- Ameaza a súa parella con facerlle dano.
- Ignora preguntas e mantén un silencio prolongado e intencionado.
- Esixe entrega total e continua á relación.
- Esixe prácticas eróticas e é desconsiderado e violento nos encontros sexuais.

QUE PODEN FACER AS FAMILIAS

Como podedes acompañar o voso fillo no caso de que manteña unha conduta abusiva coa súa parella. A intervención cun adolescente que exerce violencia machista é fundamental para evitar que se devehña nun adulto maltratador.



- Fala con él, pregúntalle pola súa parella e polo tipo de relación que quere el.
- Identifica con el que comportamentos son unha forma de violencia de xénero.
- Non lle aceptes excusas para xustificar condutas daniñas ou malos tratos.
- Recrimínalle cada comportamento abusivo ou irrespetuoso cara as mulleres, en xeral, e cara á súa parella, en particular.
- Traballa con el técnicas de autocontrol, novas formas de comunicación e de xestión da frustración e da ira.
- Cuestiona con el os modelos de masculinidade que son reforzados pola submisión e dominación da muller.
- Podes facerlle ver as consecuencias da súa conduta na relación de parella, nel mesmo e nas persoas do seu ámbito máis próximo.
- Motivao para iniciar un proceso de cambio: salíentalle explicitamente as súas capacidades e mailas súas habilidades persoais. Transmítille a confianza de que é quen de cambiar e de mellorar a súa conduta, e amósalle apoio e interese para axudarlle a conseguilo.
- Recomendalle pedir axuda aos servizos especializados para traballar a modificación de condutas.
- Proporciónalle modelos de relacións saudables e igualitarias.



ACOMPAÑAMENTO DENDE O BO TRATO

As violencias machistas non adoitan iniciarse con comportamentos agresivos; máis ben con actos de control e dominio. Nos primeiros momentos as familias poden ter sentimentos de incerteza ao decatarse de que a súa filla, ou algún familiar seu, poden estar inmersos nunha relación onde haxa malos tratos.

A saída das situacións de violencia nas parellas é un proceso no que as familias e as redes afectivas son esenciais para iniciar o camiño: acompañar dende o bo trato. Isto implica aprender a entender o que lle está a acontecer á vosa filla, ao voso familiar; tratar de reparar e de fortalecer o vencello afectivo que tedes con ela ou con el.

É IMPORTANTE
QUE SE SINTA
ESCOITADA

É IMPORTANTE
DEMOSTRARLLE
QUE A ESTÁS
CREENDO

CONTRIBÚE Á
SÚA AUTOESTIMA
FIANDO
NAS SÚAS
CAPACIDADES

MANTÉN UNHA
ACTITUDE DE
ESCOITA, SEN
CRITICALA NIN
CULPALA

PROPÓN
ACOMPAÑALA AO
CIM - (CENTRO DE
INFORMACIÓN ÁS
MULLERES DE
ARTEIXO)

MÓSTRALLE
APOIO
INCONDICIONAL
REFORZÁNDOA
POSITIVAMENTE,
PARA QUE VOS
CONTE O QUE LLE
ESTÁ PASANDO

ESPERA QUE DEA
O PASO DE
ROMPER A
RELACIÓN, SEN
LLO IMPOÑER

DECIDE CONXUNTAMENTE CON ELA OS PASOS A SEGUIR PARA
FACER FRONTE AO PROBLEMA



"É moi común que as mulleres pensen que aturar os malos tratos e maila crueldade, e logo perdoar e esquecer son mostras de compromiso e amor. Pero cando amamos ben sabemos que a única resposta sa e amorosa ao abuso é afastarnos de quen nos fai dano"

bell hooks



ONDE INFORMARSE?

TELÉFONO CONTRA OS
MALOS TRATOS

(gratuito 24 h) - 016

TELÉFONO DA MULLER
(gratuito 24 h)

900 400 273

CIM - (CENTRO DE
INFORMACIÓN ÁS
MULLERES DE
ARTEIXO)

981 601 415

TELÉFONO PARA
MULLERES XORDAS

900 152 152



ONDE DENUNCIAR?

GARDA CIVIL
(ARTEIXO)

981 633 002

GARDA CIVIL
(EMUME, A CORUÑA)

062 / 981 167 800



POLICIA LOCAL
(ARTEIXO)

092 / 981 600 060



ATENCIÓN MÉDICA

URXENCIAS
(ARTEIXO)

981 641 402

AMBULANCIA

061

CHUAC

981 178 000